

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 2 DE XUÑO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lap/344/2006.- Modipu, S. L.-** Nave industrial e apertura para fabricación de mobiliario de madeira e equipos de hostelería no Polígono de Boisaca – Vía B – Parcela C 37.

**Lic/722/2008.- Construcciones Ruafer, S. A.-** Vivenda unifamiliar illada na parcela VA2-B do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**Lic/716/2008.- Construcciones Ruafer, S. A.-** Vivenda unifamiliar illada na parcela VA2-A do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**Lic/720/2008.- Construcciones Ruafer, S. A.-** Vivenda unifamiliar illada na parcela VA2-C do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**Lic/818/2008.- Construcciones Ruafer, S. A.-** Vivenda unifamiliar illada na parcela VA1-A do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**Lic/821/2008.- Construcciones Ruafer, S. A.-** Vivenda unifamiliar illada na parcela VA3-A do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**Lic/718/2008.- Construcciones Ruafer, S. A.-** Vivenda unifamiliar illada na parcela VA1-D do SUNP-14 de Tras Paxonal.

**Lic/653/2009.- Comunidad de Propietarios Avda. de Barcelona nº 15 – 17.-** Ampliación de rampas de garaxe na Avda. de Barcelona nº 15 – 17.

#### DENEGADAS.-

**Lic/474/2007.- Proyelinka, S. L.-** Modificación da licenza concedida por acordo da Comisión de Goberno de 29 de setembro de 2.008, para construción dunha vivenda unifamiliar executada en Vite de Arriba nº 24.

**Lic/1091/2007.- Eduardo Otero Regueiro.-** Recheo das parcelas nº 208, 218 e 219 do Polígono 112 do Plano da Xerencia Territorial de Catastro.

#### PRÓRROGAS.-

**Lic/937/2009.- Transportes y Excavaciones Arines, S. L.-** Nave destinada a oficinas e taller de empresa de transportes e movemento de terras no Polígono de Costa Vella nº 33 – 34

**Lic/2349/2008.- Isabel Cecilia Calzadilla Pereira.-** Vivenda unifamiliar en San Martiño de Aríns.

#### PARCELACIÓNS.-

**Lic/943/2008.- Ramiro Munín Bernardez.-** Modificación da licenza de parcelación urbanística dunha parcela sita no lugar de Santa Lucía – Bornais nº 26 e da titularidade de dita licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de outubro de 2.008. (+)

**ACEPTACIÓN DA CESIÓN** efectuada pola entidade Construlart Unión, S. L., a prol do Concello, destinados á regularización ou ampliación do viario, formalizada en escritura pública, presentada como consecuencia da tramitación da licenza de parcelación urbanística da parcela nº 119-5 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Santa María de Vilvestro, Silvouta.

### OCIHR

#### LICENZAS.-

**LIC/1185/2008 .- HERMANOS LIÑARES BAR Y OTROS SC.-** Acondicionamento de establecemento para uso hoteleiro en rúa dos Loureiros, 6.

**LIC/855/2008 .- A ESTRADA CONSTRUBEN SL.-** Legalización da estrutura horizontal e reposición da cuberta na rúa Acibechería, 2.

### 5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 1.346 euros.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse definitivamente axudas para tres locais comerciais por un importe total de 18.233 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas para elementos especiais de Madeira.**

Apróbanse provisionalmente 27 axudas para elementos especiais de madeira por un importe total de 266.033 euros.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude de acceso ao servizo de consulta de datos e obtención de certificados catastrais telemáticos a través da Oficina Virtual do Catastro.**

Realízase a solicitude de acceso ao servizo de consulta de datos e obtención de certificados catastrais telemáticos a través da Oficina Virtual do Catastro, ante a Xerencia do Catastro para dous traballadores do Concello.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da presentación do documento refundido do proxecto de compensación do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20) da Amanecida, segundo os acordos adoptados para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.**

Dáse conta da presentación do documento refundido do proxecto de compensación do SUNP-20 (Amanecida), segundo os acordos adoptados para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización para a realización de horas extraordinarias.**

Apróbase a realización de horas extraordinarias por parte de dous traballadores do departamento de Deportes.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á revisión de tarifas dos servizos prestados nas instalacións do Multiusos Fontes do Sar e do complexo deportivo Santa Isabel.**

Apróbase a revisión de tarifas, que se incrementan nun 1,40%.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á designación de arquitecto supervisor das obras de AMPLIACIÓN E REFORMA DO CENTRO SOCIO-CULTURAL DE LARAÑO, REFORMA E ACONDICIONAMENTO DOS CENTROS SOCIO CULTURAIS DE AMIO, A TRISCA, BUSTO, CONXO, GRIXOA, LAMASCAL, MARANTES, NEMENZO E VITE.**

Noméase a Enrique Prado Seoane como arquitecto supervisor das devanditas obras.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación das bases e convocatoria de subvencións para o fomento do movemento asociativo e de defensa da muller, para o ano 2009.**

Apróbanse as bases que rexerán a concesión de subvencións para o fomento do movemento asociativo e de defensa da muller para o ano 2009 e o seu orzamento, que ascende a 25.000 euros. O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á solicitude de adhesión ao convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Fundación ONCE para o desenvolvemento dun programa de accesibilidade universal (Extensión do servizo de taxi accesible).**

Acórdase solicitar a adhesión do Concello ao convenio de colaboración entre o IMSERSO e a FUNDACIÓN ONCE co obxecto de incorporar ao servizo de taxi accesible 3 licenzas.

**16.- Adxudicación provisional da prestación do servizo de desenvolvemento das actividades da Escola de Verán de Inglés 2009.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa PICADILLY SCHOOL OF ENGLISH, SL, por importe de 29.000 euros máis IVE.

**17.- Prórroga e revisión do contrato de alugueiro de local na rúa dos Basquiños nº 9 para uso do Centro Social da Almaciga.**

Prórrogase por un ano o contrato de alugueiro de referencia e revísase o prezo, que queda fixado nun total anual de 6.670,44 euros.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de convenios entre o Concello e diversas entidades.**

Apróbanse os seguintes convenios coas conseguíntes achegas municipais:

- Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos de Enfermos Mentais: 3.700 euros.
- Asociación galega de Lupus: 2.200 euros.
- Asociación Voluntarias da Caridade de San Vicente de Paúl: 4.306 euros.

**19.- Adxudicación definitiva de diversos contratos.**

- Adxudícase definitivamente o servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago á UTE SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL-SERVIMUN, SL, por un 18% sobre as cantidades netas recadadas nos procedemtnos de comprobación e/ou inspección fiscal (IVE excluído).

- Adxudícase definitivamente o servizo consistente en migrar os datos da cartografía municipal escala 1:500 en formato CAD a formato GIS á empresa TRABAJOS CATASTRALES, SA por importe de 55.860 euros máis IVE.

- Adxudícase definitivamente o servizo consistente na adaptación da cartografía municipal a un modelo de datos para a súa transformación en formato GIS á empresa DITECAR, SL por importe de 29.800 euros máis IVE.

**20.- Dar conta da corrección de erro no punto número 22 da Xunta de Goberno Local de data 05-05-2009.**

Dáse conta do devandito erro.

**21.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Deputación Provincial da Coruña para a erradicación do chabolismo.**

Dáse conta da devandita subvención por importe de 43.972,2 euros.

**22.- Dar conta da sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello para a realización dos Festivais Internacionais de Ilusionismo e de Curtametraxes (CORTOCIRCUITO) e dos ciclos Sons da Diversidade e Cine Europa.**

Dáse conta do devandito convenio polo que a Consellería achega 110.000 euros.

**23.- Dar conta da formalización do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2009.**

Dáse conta da formalización do convenio, polo que a Deputación achega 180.000 euros.

**URXENCIAS**

1. Ponse en coñecemento da Xunta de Goberno Local que a cantidade concedida provisionalmente pola Consellería de Educación ao Concello para o programa de apertura de centros públicos fóra do horario lectivo é de 42.824,02 euros.

2. Apróbase o proxecto, o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación das obras de demolición parcial da edificación situada en Marco de Covas (Correxíns-Figueiras), establecéndose un tipo de licitación de 59.345,01 euros máis IVE.

3. Apróbase a proposta do concelleiro de Promoción Económica relativa á realización de diversos servizos docentes para impartir as accións formativas das especialidades: instalador de gas, fontanería, instalador de sistemas de enerxía solar térmica, ferrallista e electricidade de edificios.

4. Apróbase a posta en marcha do programa de actividades "Compostela Activa 2009", por un importe de 170.000 euros.